

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2021/2022

CENTRO: IES CHAN DO MONTE
CURSO: 4º ESO
MATERIA: MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS
ACADÉMICAS
DEPARTAMENTO: MATEMÁTICAS
DATA: 8-ABRIL-2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

1. Criterios sobre a avaliación e cualificación	
1º Avaliación	<p>Cálculo da nota da 1º avaliación: Avaliarase cada unha das unidades traballadas, a cualificación de cada unidade, realizarase tal e como se indica na programación, e a nota da 1º avaliación será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unidade, é dicir:</p> $N_1 = \frac{\sum_{i=1}^n u_i}{n}$
	<p>Procedemento de recuperación da 1º avaliación: Os alumnos que non superen a avaliación, por ter una cualificación inferior a 5 puntos, terán unha proba de recuperación da avaliación, unidade ou unidades non superadas, que realizarase nos primeiros 15 días da seguinte avaliación. Esta nova cualificación substituirá á obtida anteriormente, para todos os efectos de cálculo de medias.</p>
2º Avaliación	<p>Cálculo da nota da 2º avaliación: Avaliarase cada unha das unidades traballadas, a cualificación de cada unidade, realizarase tal e como se indica na programación, e a nota da 2º avaliación será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unidade, é dicir:</p> $N_2 = \frac{\sum_{i=1}^n u_i}{n}$
	<p>Procedemento de recuperación da 2º avaliación: Os alumnos que non superen a avaliación, por ter una cualificación inferior a 5 puntos, terán unha proba de recuperación da avaliación, unidade ou unidades non superadas, que realizarase nos primeiros 15 días da seguinte avaliación. Esta nova cualificación substituirá á obtida anteriormente, para todos os efectos de cálculo de medias.</p>
3º Avaliación	<p>Cálculo da nota da 3º avaliación: Avaliarase cada unha das unidades traballadas, a cualificación de cada unidade, realizarase tal e como se indica na programación, e a nota da 3º avaliación será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unidade, é dicir:</p> $N_3 = \frac{\sum_{i=1}^n u_i}{n}$
	<p>Procedemento de recuperación da 3º avaliación: Se un alumno é avaliado negativamente na 3º avaliación por obter unha nota inferior a 5, pero a media de $\frac{N_1+N_2+N_3}{3}$ é igual ou superior a 5 puntos, non realizará proba escrita de recuperación. Realizará actividades de reforzo da devandita avaliación que poden ser de todas as unidades ou soamente das unidades non superadas, no período comprendido entre a 3º avaliación e a avaliación final. No caso de que a media $\frac{N_1+N_2+N_3}{3}$ sexa inferior a 5 puntos, xa calculada esta coa cualificación das recuperacións; o alumno fará actividades de reforzo e recuperación das avaliacións e/ou unidades non superadas, durante o período comprendido entre a 3º avaliación e a avaliación final, e terá unha proba escrita final sobre as unidades e/ou avaliación correspondente.</p>

<p>Cualificación final</p>	<p>Cálculo para obter a cualificación final de curso: Media aritmética das tres avaliacións: $NOTA\ FINAL = \frac{N_1+N_2+N_3}{3}$ redondeada a parte enteira. N_i = cualificación da avaliación “i” ou se é o caso a cualificación obtida na recuperación da avaliación “i”. Se o alumno ten que realizar a proba escrita final, o cálculo da cualificación final farase do modo seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Si ten que recuperar unha avaliación, a nota final será o redondeo a parte enteira da media aritmética da cualificación da proba realizada e as cualificacións das outras dúas avaliacións xa superadas. - Se ten que recuperar dúas avaliacións, a nota final será o redondeo a parte enteira da media obtida entre o dobre da cualificación da proba de recuperación e a da avaliación xa superada dividida entre 3, e dicir, o peso da proba de recuperación correspondente a dúas avaliacións é o dobre . <p>Se ten que recuperar as tres avaliacións, a nota final da convocatoria extraordinaria será únicamente a calificación obtida na proba, redondeada a parte enteira.</p>
<p>Alumnado de materia pendiente</p>	<p>Cálculo para obter a cualificación final de materia pendiente:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A cualificación final será a media aritmética das dúas probas, sempre que o alumno ou ben supera as dúas probas, ou obtén nalguna delas una cualificación superior a 4 puntos, e a media aritmética é de 5 puntos ou superior. • Se o alumno non supera a 1º proba (por ter unha cualificación inferior a 4 puntos), a cualificación final será a obtida na 2º proba. <p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Dúas probas escritas nas datas fixadas por xefatura de estudos, que lle son comunicadas ao alumno polo profesor correspondente e que son publicitadas no centro e na páxina web.</p> <ul style="list-style-type: none"> - 1º proba: sobre as unidades traballadas nas actividades dos boletíns entregados polo profesor parte 1. - 2º proba: sobre as unidades traballadas nas actividades dos boletíns entregados polo profesor parte 2º, sempre que se teña superada a proba 1º. Ou sobre todas as actividades entregadas se non se superou a parte 1º.

2.1. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3º avaliación e a avaliación final na ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)

<p>Metodoloxía</p>	<p>Metodoloxía activa e cooperativa a distintos niveis para desenvolver as competencias básicas.</p>
<p>Actividades tipo</p>	<p>Actividades colaborativas e de repaso que tenten reforzar os contidos máis básicos e nas que participen tanto os alumnos que deben recuperar algunha parte como os que xa teñen a materia avaliada positivamente.</p>

Materiais e recursos	Empregaranse materiais de reforzo e ampliación de distintas editoriais, así como material propio elaborado polo profesor. Plataformas como matematico.es ou liveworksheet.es ou matematicaula.com para o reforzo na casa. Material e recursos na aula virtual do centro que permite a creación de grupos diferenciados para o reforzo individualizado e para as actividades de ampliación dos alumnos que non teñen nada que recuperar.
-----------------------------	---